


«Entremurallas», unha obra colectiva onde 14 especialistas analizan o patrimonio e a arte de Lugo

FICHA TÉCNICA: 388 pp. 15 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-60-5. PAPEL FSC. PVP: 23, 90 €



Promovida polo Grupo de investigación Iacobus da Universidade de Santiago de Compostela, e coordinada por Miriam Elena Cortés López, esta obra reúne os traballos de 14 historiadores e historiadoras arredor da cidade das murallas. A obra está ilustrada con máis de cen fotografías.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO 2024.- Este traballo colectivo foi promovido polo **Grupo Iacobus** da Universidade de Santiago de Compostela e reúne o traballo de catorce especialistas arredor do patrimonio e da arte da cidade de Lugo.

Baixo o título de *Entremurallas (Lugo. Patrimonio e arte)* estúdanse, entre outros, **espazos emblemáticos da cidade** como a Muralla Romana, o convento de San Francisco, sede do Museo Provincial, xunto con outros estudos arredor do terremoto de 1751, a pintura de Xulia Minguillón ou a imaxe de Lugo na prensa ilustrada do século XIX.

O obxectivo destas páxinas, profusamente **ilustradas con máis de cen fotografías**, non é outro que reforzar o valor cultural do patrimonio artístico da cidade e concienciar sobre a necesidade da súa imprescindible protección.

Entremurallas está coordinado pola historiadora da Arte **Miriam Elena Cortés**

López e rende homenaxe póstuma a unha das coautoras, a profesora **Ana Goy Diz** (1966-2022), membro do Grupo de Investigación Iacobus e do Departamento de Historia da Arte.

AUTORÍA POR ORDE DE APARICIÓN

Ana E. Goy Diz
María Pilar Coto Orge
José Manuel García Iglesias
Leopoldo Fernández Gasalla
María Dolores Barral Rivadulla
Diana Duo Ramila
Ana Pérez Varela
Juan Manuel Monterroso Montero
Miriam Elena Cortés López
Begoña Fernández Rodríguez
María Rivo Vázquez
Alicia M. González Bouza
Mónica Rey Cabezado
Patricia Cupeiro López

Para contactar coa coordinadora: miriamelena.cortes@usc.es

